

LITERATURA

TEMA 5

A POESÍA ENTRE 1936 E 1975; A XERACIÓN DO 36, A PROMOCIÓN DE ENLACE, A XERACIÓN DAS FESTAS MINERVAIS.

Na inmediata posguerra,(anos 40) a literatura garda un obrigado silencio en Galicia e a nosa cultura vai procurar refuxio no exilio americano. Pero en 1950 fúndase a Editorial Galaxia, un fito histórico para recuperar a cultura galega desde o propio país.

Un grupo de galeguistas que permaneceran en Galicia, encabezados por Ramón Piñeiro, abandonaron a loita política e emprenderon un proxecto de tipo cultural que tivo como centro a editorial Galaxia. Este proxecto foi, en parte, herdeiro e continuador do Grupo Nós, (deste herdaron unha práctica cultural de carácter elitista, a combinación de tradición e renovación, o europeísmo e a intención de estender o galego a todos os xéneros literarios); pero agora os galeguistas renunciaron á ideoloxía nacionalista, tentaron evitar que se identificase a conciencia galeguista cunha postura política concreta. Para eles o galeguismo debía ser unha actitude intelectual e ética de todos os galegos que estivese por riba da diversidade de ideoloxías.

Os escritores vencellados á editorial Galaxia cultivaron sobre todo o ensaio, pero ademais renovaron a novela (Nova Narrativa Galega) e impulsaron coleccións de poesía onde puideron publicar tanto autores xa maiores como Cabanillas ou Otero Pedrayo como autores novos que comezaban por aqueles anos a escribir.

Antes de nacer Galaxia xa se deran unha serie de pasos a finais dos 40 que significaban un tímido renacer da poesía galega: a publicación do primeiro libro despois da guerra en 1947: ***Cómaros verdes***, de Aquilino Iglesia Alvariño, as primeiras revistas poéticas bilingües como *Alba*, *Posío...*. Coleccións de poesía como *Benito Soto* ou *Xístral*, e a publicación dun suplemento cultural semanal no diario compostelán *La Noche*, con atención privilexiada á cultura galega. Así e todo non se pode falar de recuperación da lírica ata ben entrada a década dos 50.

A falta de publicacións nos anos seguintes á guerra ten como consecuencia que **nos 50** coincidan case simultaneamente tres grupos xeracionais distintos: Xeración de 1936, Promoción de Enlace e Xeración das Festas Minervais. Podemos resumilo do seguinte modo:

1. A FIGURA ILLADA DE LUÍS PIMENTEL

A pesar de ser contemporáneo á Xeración do 25 (As vangardas poéticas) a crítica non o adscribe a ningún ismo vangardista, ademais os seus poemarios, ***Triscos*** e ***Sombra do aire na herba*** publicáanse con posterioridade, nos anos 50 e 60. É un autor bilingüe cunha poesía moi persoal e de difícil adscrición: ás veces, surrealista, ás veces neorromántico, comprometido coa sociedade, intimista, etc.

A súa poesía é inseparable da súa cidade natal, Lugo, coa que vai establecer unha auténtica simbiose¹, a descrición das rúas, das prazas, das súas tardes, dos seus paseos... convérteno no poeta provincial.

Toda a súa obra está dominada pola presenza de obxectos e instantes íntimos que se intentan captar, moi ao xeito do impresionismo pictórico, nunha poesía de profunda intensidade, de sensacións e de sentimentos. É o poeta observador que ve a través da fiestra da súa casa. E dentro dela medita sobre a palabra, o silencio, o proceso da escrita, (a metapoesía) a poesía, que se converte no seu refuxio contra a crueldade humana².

Pero Pimentel é tamén un sobrevivente da guerra e no seu poemario ***Cunetas***, ofrece un dos testemuños máis desgarradores da brutalidade humana e da repulsa contra a barbarie fascista³. Nos seus poemas que teñen como tema a represión, agroma a solidariedade, capítulo especial son os seus poemas dedicados ao mundo infantil.⁴

2. A XERACIÓN DO 36

Constituída maioritariamente por autores nados entre 1910 e 1920, formados na II República e sufridores directamente da Guerra Civil. Nun principio recoñécense discípulos das Vangardas ou do Grupo Nós, pero axiña van atopar as súas propias liñas. Distínguense varias tendencias:

a) **A continuación de certos ismos vangardistas.**

Sobre todo o **imaxinismo** baseado na imaxe e na personificación, onde a natureza volvía a cobrar protagonismo dun xeito abstracto e impresionista e o **neotrobadorismo**, reelaborando as fórmulas das cantigas medievais.

Entre os cultivadores desta paisaxe humanizada destaca **Aquilino Iglesia Alvariño**⁵ e entre os neotrobadoristas **Álvaro Cunqueiro** (*Dona do corpo delgado*), **Xosé M^a Álvarez Blázquez**⁶ (*Cancioneiro de Monfero*).

b) **O intimismo.**

Continuador da liña rosaliana do XIX, que non tivera moitos seguidores no primeiro terzo do XX, ten agora na figura de **María Mariño** a súa figura máis representativa. Autora que viviu á marxe dos seus compañeiros de xeración (viviou moitos anos nas montañas do Caurel) ,os seus poemarios (***Palabra no tempo***) son esencialmente intimistas: relación do eu coa natureza, o paso do tempo, a premonición da morte... cun gran manexo da linguaxe e da liberdade métrica (versolibrismo).

c) **O ruralismo paisaxístico.**

Omite a paisaxe do medo e do terror da posguerra para instalarse na verde xeografía de Galicia. **Aquilino Iglesia Alvariño**, autor de gran formación

¹ Léanse os poemas *Paseo* (un dos seus versos titula a obra: *Sombra do aire na herba*) ou *Nouturno* (descrición impresionista da Praza do Campo luguesa)

² Léanse os poemas *O meu refuxio* e *O nome*. Neste último concibe o feito poético como alumbramento dun novo ser.

³ Léase este poema, retrato do clima de terror imposto polo franquismo en Galicia.

⁴ Léase o poema *Enterro dun neno pobre*.

⁵ Será estudado con máis profundidade posteriormente, no ruralismo pisaxístico herdeiro de Noriega Varela.

⁶ **Xosé María Álvarez Blázquez** foi o autor homenaxeado nas **Letras Galegas 2008**. Investigador da historia, arqueólogo, etnógrafo, promotor de editoriais “Monterrei” e “Castrelos” e escritor. Como poeta destaca nesta tendencia neotrobadorista e como poeta do mundo cotián, familiar e nostálgico da infancia con ***Canle segredo***.

clásica, engádelle a esta paisaxe as súas pegadas cultas –vocabulario amplísimo, perfección formal dos seus versos–, onde a soidade, o desexo de regresar ao paraíso da nenez, a reflexión acerca da vida, do home e da morte como o destino derradeiro aparecen como motivos centrais. A súa obra, **Cómaros verdes**, o primeiro título importante de poesía de posguerra, son versos amables, nada conflictivos, que rompen a falar baixiño como se non sucedese “nada”⁷.

Outro autor adscrito a esta tendencia acompañado dun forte pesimismo foi **Xosé M^a Díaz Castro**, tamén autor de ampla cultura (traduciu ao galego ao poeta alemán Rilke). A súa importancia literaria debeuse ao seu único libro, **Nimbos**, onde se atopa unha das composicións de maior valor simbólico destes tempos, **Penélope**⁸. Aquí a paisaxe deixa de ser o telón de fondo para acadar un valor simbólico, o ciclo dos labregos e o incesante tecer e destecer da Penélope de Ulises, simbolizan unha visión da realidade histórica galega.

d) **O socialrealismo.**

A liña de denuncia cívica de Curros e Cabanillas, retomada na inmediata posguerra polos poetas do exilio (Luís Seoane e Lorenzo Varela) continúa nos anos 60 e 70 da man de **Celso Emilio Ferreiro**. A súa “**Longa noite de pedra**”, marcará un xiro na poesía galega e converterase na metáfora da represión exercida pola ditadura.

A obra de Celso Emilio Ferreiro é de vital transcendencia na evolución da poesía galega do século XX, se ben cultivou a **prosa** en dous volumes: **A fronteira infunda**, composto de nove contos, de ambientación latinoamericana, centrados nas sangrentas realidades sociais deste continente: penurias económicas, explotación, ditaduras represoras, etc. O segundo é un libríño humorístico, **A taberna do galo**, onde rememora anécdotas e personaxes pintorescos da súa infancia e mocidade da súa Celanova natal.

Como **poeta** Celso Emilio iníciase antes da Guerra Civil coa experiencia do **Cartafol de poesía**, xunto con Pepe Velo, ambos militantes das Mocidades Galeguistas.

Mobilizado obrigatoriamente no bando franquista no 37, foi denunciado, detido e encarcerado no mosteiro de Celanova, convertido agora en cadea. Aquí, nunha cela deste convento é onde escribe boa parte do seu poemario **Longa noite de pedra**, aínda que non foi publicado ata 1962⁹. Esta obra, da que se van facer numerosas edicións, teatralizacións, recitados, versións a outras linguas, etc. vaise converter na obra de culto nos círculos antifranquistas, de feito, moitos dos seus poemas foron letras da canción-protesta galega dos anos 70 da man de grupos como Voces Ceibes ou Fuxan os Ventos, e coñeceron a súa divulgación en facultades, fábricas, manifestacións, etc.

As liñas mestras desta obra poden resumirse do seguinte xeito:

- a) **Sinxeleza expresiva**, con afán de chegar a un público o máis amplo posible, fundada no coloquialismo e mesmo no prosaísmo.
- b) **Importancia da mensaxe**, o poema quere informar, conmover, concienciar, provocar unha resposta pragmática. Importa máis o contido cá forma. Deixa

⁷ Léase o poema *As carballeiras*.

⁸ Léase este poema.

⁹ Léase este poema que lle dá título ao libro, onde deixa constancia da súa estada no mosteiro de Celanova, mentres agarda a pena de fusilamento que finalmente non se executará.

de ser manifestación dunha voz individual para converterse en expresión colectiva e solidaria duns principios éticos de xustiza e liberdade¹⁰.

- c) **Renovación da linguaxe** ao incorporar á poesía distintos rexistros da fala cotiá: linguaxe administrativa, comercial, política, militar, etc. case sempre en contextos sarcásticos.
- d) **Emprego do humor, da ironía e do sarcasmo**, como ferramentas expresivas que axuden a evidenciar mellor as contradicións da sociedade e para ridiculizar abertamente a persoeiros e a institucións¹¹.
- e) **Procura do ritmo e da musicalidade**, baseados no dominio dos metros cultos, a métrica tradicional das cantigas folclóricas e os ritmos da música popular moderna.

Outra obra poética, publicada en 1954, é **O soño sulagado**, poemario caracterizado polo intimismo de ton confesional, onde o eu lírico reflexiona sobre a propia existencia e se interroga atormentado sobre o sentido da vida, o irremediable fuxir do tempo, a infancia como paraíso perdido, etc. Neste sentido aproxímase ás correntes existencialistas vixentes nos anos 50. Hai tamén neste libro outros poemas que se abren á problemática social: guerra, emigración, contraste rural/urbano, falta de liberdade, etc.

En 1966 Celso Emilio emigra para coordinar as actividades culturais da “Hermandad Gallega” de Caracas. A Galicia ideal, libre e creadora que desexaba atopar pouco ten que ver co ambiente alí reinante: unha colectividade enriquecida que renegaba do galego, dividida, desgaleguizada, insolidaria cos compatriotas menos afortunados e controlada politicamente por axentes do franquismo. Os enfrontamentos cos dirigentes non se fan esperar e en 1967 resulta expulsado da “Hermandad”. Desta experiencia nace a súa obra **Viaxe ao país dos ananos**,¹² un retrato que desmitifica o mundo da emigración e ataca directamente os grupos dirigentes da colectividade galega. Nesta liña, aínda máis ferinte e festiva están as súas **Cantigas de escarnio e maldizer** e **Cemiterio privado**.

A mediados dos 70 a poesía de Celso Emilio manifesta unha radicalización do afán comunicativo, ata desembocar no concepto da antipoesía, no seu libro **Antipoemas**, versos prosaicos e espidos de adorno retórico que inclúen fragmentos de anuncios publicitarios, anacos de crónicas xornalísticas, etc. Celso Emilio escribe aquí contra o imperialismo norteamericano¹³ (simbolizado na coca-cola), contra o poder deshumanizador do diñeiro, contra a sociedade consumista, etc.

O itinerario poético de Celso Emilio péchase en 1975 coa obra **Onde o mundo se chama Celanova**, que marca un retorno ás orixes poéticas intimistas de *O soño sulagado*. O verso faise intimista e énchese de tenrura para celebrar o seu amor por Moraima¹⁴ e de nostalgia ao recordar a infancia e a terra natal, de acptación serena ante o devalar do tempo e o presentimento da morte.

¹⁰ Léanse os poemas *Chove*, *Chove na casa do pobre*, *O can danado* ou *Deitado fronte ao mar*. Neste último expresa toda unha teoría sociolingüística, constitúe unha declaración identitaria baseada na defensa do galego.

¹¹ Léase o poema *Se dixese que si*.

¹² Léanse os poemas *Pobre de min*, *A terra prometida* e *Cagallós de mula vella*. Este último é un exemplo da vea satírica e mordaz de Celso Emilio. Está dedicado aos membros do Padroado da Cultura Galega de Caracas, unha das institucións da colonia galega en Venezuela á que o noso poeta pertenceu e da que resultou expulsado.

¹³ Léase o *Poema nuclear*, *Digo Viet Nam* e *basta* ou *Monólogo do desertor*.

¹⁴ Léase o poema *Cando quero vivir digo Moraima*.

3. A PROMOCIÓN DE ENLACE

Intégrana os nados entre 1920 e 1930. Viviron a guerra como unha experiencia traumática a nivel persoal. A súa formación e maduración intelectual produciuse nos anos máis duros da posguerra, período de gran control ideolóxico, de censura de todo libro, revista ou manifestación cultural que non compartise a ideoloxía oficial do franquismo. Sufriron por tanto na súa xuventude unha desinformación das tendencias literarias, filosóficas e artísticas europeas, así como do labor desenvolto polos galeguistas de preguerra.

Comezan case todos eles escribindo en castelán, para pouco a pouco írense incorporando á literatura galega.

Os poetas máis destacados desta xeración son **Antón Tovar**¹⁵. Nos seus poemarios segue a liña existencialista (conciencia do eu e da soidade), a liña social (rebelión fronte a inxustiza) e a intimista (queixa pola irreversibilidade do tempo que todo o volve cinza) e **Luz Pozo**¹⁶, poeta intimista e vitalista.

4. A XERACIÓN DAS FESTAS MINERVAIS OU XERACIÓN DOS 50

Integran esta tendencia os nados entre 1930 e 1940 que non coñeceron a experiencia traumática da guerra. Deben o seu nome por irromper na década dos 50 grazas aos certames literarios que se celebraban en Santiago e eran chamados “Festas Minervais”.

É unha xeración moi influenciada por correntes literarias estranxeiras – europeas (francesa) e anglo-americanas-, así como pola cultura do jazz, do rock e polo movemento de liberación social que en América representou a *Beat generation* (liberdade sexual, vida errante, consumo de drogas e alcohol). Externamente préstalle unha maior atención á forma e á estética do poema, de tal maneira que se renova a linguaxe e na temática predomina a liña da **Escola de Tebra**, presidida pola angustia existencial e o pesimismo na monotonía do vivir, liña poética da poesía europea do momento, aínda que segue cultivándose a poesía social (non tan prosaica como a de Celso Emilio).

Podemos dividir aos autores desta xeración en tres grupos:

- a) **O grupo compostelán**, seguidor do galeguismo culturalista de Galaxia, que escriben grazas á colección “Illa Nova”. Aquí destacamos a **Xohana Torres**¹⁷ ou **Salvador García-Bodaño**.
- b) **O grupo Brais Pinto**, formado por varios universitarios en Madrid. Manteñen posturas máis radicais na ideoloxía política e son partidarios dun nacionalismo marxista. Desenvolven a súa actividade na literatura e nas artes. Destacan Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel María, Bernardino Graña e o pintor Raimundo Patiño, entre outros. Este grupo céntrase no desarraigo existencial, no desacougo e no pesimismo.
 - **Manuel María**: dedicado de cheo a Galicia e comprometido co seu tempo, cultiva varias orientacións: na liña da Escola de Tebra,

¹⁵ Léase o poema *Eu*. Nel obsérvase a significación da poesía da xeración de Enlace: o desencanto, a memoria e o pasado coma unha carga, o medo e a tristeza de ser consciente que o futuro puido ser diferente.

¹⁶ Léase o poema *O neno murcho*. A infancia soe ser a idade da inocencia, da felicidade. As lembranzas máis gozosas da existencia dunha persoa soen ser momentos da súa nenez. En contraste, Luz Pozo, retrátanos a infancia dun neno desgraciado, como moitos da posguerra.

¹⁷ Léase o poema *Penélope*, incluído na súa obra *Tempo de ría*, onde se contempla o mito clásico de Penélope desde unha perspectiva actual e feminista, reivindicando a muller que decide tomar as rendas da súa propia vida no canto de agardar por Ulises.

Muiñeiro de tebras, na liña comprometida, **Documentos persoais**,¹⁸ e na liña paisaxística arredor da natureza e da súa terra natal, a Terra Chá, **Terra Chá**.¹⁹

- **Uxío Novoneyra**: cultiva a liña paisaxística centrada na montaña do Courel na liña de Aquilino Iglesia Alvariño, pero cun ton existencialista, xa que aparece o home en soidade ante a natureza o cal se entrega á reflexión sobre a vida e a morte. O ser humano representa un elemento mínimo ante a inmensidade do cosmos. Na súa obra **Os eidos. Libro do Courel**,²⁰ emprega como recurso máis frecuente o fonosimbolismo²¹.
 - **Xosé Luís Méndez Ferrín**, cultivador tamén da narrativa, na súa poesía destacan sobre todo dous títulos, **Poesía enteria de Heriberto Bens**,²² heterónimo do autor, ten como protagonista a Galicia, desde o punto de vista histórico e político, e **Con pólvora e magnolias**, obra que supón a superación do socialrealismo prosaíco. Culturalismo, simbolismo, ton épico, nostalxia do pasado e preocupacións esenciais como a recuperación do tempo, o sentimento amoroso na súa decadencia e a morte son os seus temas destacados. O compromiso social e patriótico é o ton imperante desta obra baixo unha forte renovación estilística.²³
 - **Bernardino Graña**, na liña da Escola de Tebra publica, **Poema dun home que quixo vivir**,²⁴ cun ton coloquial. En **Profecía do mar**, nunca ambientación mariñeira denuncia a destrución do mar e da terra²⁵, e co mesmo ton, **Nin vexo Vigo nin Cangas**
- c) O caso particular de **Antón Avilés de Taramancos**.

Poeta emigrado durante anos en Colombia, país no que traballou duramente para sobrevivir. A súa ausencia provocou que a súa figura e a súa obra fosen mal coñecidas ata o seu regreso a Galicia (Noia) en 1980.

A súa poesía ten resonancias do himno solemne, son versículos discursivos de ritmo rotundo, simbólico, de transfondo autobiográfico, cantos á memoria persoal ou colectiva. **As torres no ar** ou **Cantos caucanos** son dúas das súas mellores mostras²⁶.

¹⁸ Léase o poema *Cancións para cantar tódolos días*, Bando ou *Oda á guerra*.

¹⁹ Léase o poema *Terra Cha*.

²⁰ Léase o poema *Cousos do lobo!*

²¹ Léase o poema *Letanía de Galicia*.

²² Léase o poema *Terra de proseguir e non dar nada*.

²³ Léase o poema *Reclamo a liberdade para o meu pobo*.

²⁴ Léase o poema *En Padrón os alumnos do Instituto*.

²⁵ Léase o poema *O gato na tasca mariñeira*.

²⁶ Léanse os poemas *Chachauí* ou *Avoa, nai anterga*,...

